



Expediente	Sesión Consello Escolar Municipal 26.09.2017	REF. 2/2017
Trámite	Traslado acta da sesión	

LUGAR: Casa da Luz- Sala Bolechas

HORA DE COMEZO: 18.23 h

DATA FIN: 19,50 h

ASISTENTES:

Dona María do Carme Fouces Díaz (Concelleira delegada de Educación, Igualdade, programación e xestión das infraestruturas culturais), presidenta

Don Raimundo Naveira Zapata (representante da Xefatura territorial da CCEOU), vogal

Don David Alvariño Pérez (representante de directores de ensino medio), vogal

Don Ángel Rodríguez Braga (representante directores colexios públicos do casco urbano), vogal

Dona María Montserrat Pose Edrera (representante directores colexios públicos do rural), vogal

Don Francisco Javier Barros Sanmartín (representante directores centros concertados), vogal

Don Rogelio Carballo Solla (Federación Provincial de ANPA), vogal

Dona María Luisa Eiroá Franco (profesorado non universitario pública- STEG), vogal

Dona Isolina Couso Garrido (profesorado non universitario pública- CIG Ensino), vogal

Don Rafael Lestón Vázquez (profesorado non universitario privada, FSIE) vogal

Don Miguel A. Jimeno Enrique (representación sindical, FETE-UGT) vogal

Don Germán Piedras García (representación sindical, CIG Ensino) vogal

Don Juan Loureiro Taibo (representante da Federación de AAVV de Pontevedra Castelao), vogal

Dona Aurora Cañizares Malagón (concelleira do PP), invitada

Dona María Isabel Pazos Solla (representante de Marea Pontevedra), invitada

Don Jose María Alén de la Torre (representante da Xefatura territorial da CCEOU), invitado

Don Román Latas Calvo (representante da Xefatura territorial da CCEOU), invitado

Dona Vanesa Estévez Baquero (Pedagoga do Servizo de Educación), secretaria accidental

Desculpa a súa asistencia Dona Pilar Rodríguez Braga (profesorado non universitario pública- CIG Ensino), vogal

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO: Dar conta por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da delimitación das áreas de influencia do concello de Pontevedra

SEGUNDO: Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1 Dar conta por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da delimitación das áreas de influencia do concello de Pontevedra

Don Raimundo Naveira Zapata fai unha unha breve contextualización da reunión, froito do acordado no Consello escolar municipal de data 14/02/2017, no que o Servizo de Inspección Educativa se comprometía a presentar un estudo dos resultados de aplicación da nova zonificación coa idea de someter a consideración pública o resultado de este novo mapa.

Propón deixar esta reunión en sentido máis informativo e establecer un procedemento para elevar a consideración as propostas dos representantes do Consello escolar e convocar un novo Consello para que se decidan as modificacións.

Recorda os criterios que tiveron en conta para a elaboración da proposta de delimitación.



Don Jose María Alén de la Torre explica a estudo do resultados da análise das solicitudes de admisión do Concello de Pontevedra. Este estudo está recollido nun documento remitido con anterioridade a todos/as os membros do Consello escolar municipal.

Don Raimundo Naveira Zapata sinala que a súa proposta sería establecer un calendario en dúas fases onde se centralicen as propostas na Secretaría do Consello escolar municipal.

Establécese un proceso de diálogo e se fixa o calendario: ata o 22 de outubro para presentar propostas e 7 de novembro para a próxima reunión.

A presidenta propón a realización dunha plantilla común para todas as propostas onde se sinala a proposta de cambio e a liña argumental pola que se propón dito cambio.

2 Rogos e preguntas

Dona Isolina Couso Garrido solicita se actualice o listado de membros do Consello escolar municipal.

Don Francisco Javier Barros Sanmartín indica que sería bo coñecer a realidade de matrícula nos centros educativos incluídos os fora de prazo, xa que da unha visión máis global.

A Presidenta agradece o traballo da Consellería. Sinala que ao Concello interésalle moito estes datos para sacar conclusións.

ACORDOS

1. Acórdase un calendario de traballo para a modificación, de ser o caso, da zonificación:

- Ata o 22 de outubro presentación de propostas de modificación por parte dos membros do Consello Escolar municipal. Remisión das propostas á Secretaría do Consello escolar municipal.

- Fixar a convocatoria do Consello escolar municipal de análise das propostas e votación para o 7 de novembro

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria accidental.

Anexos:

1. Documento de “Análise das solicitudes de admisión do Concello de Pontevedra”.

